

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

<b>EXPEDIENTE</b>	2024040624
<b>ASUNTO</b>	Subministración continuada de auga mineral natural envasada para os centros Finca Mouriscade e Estacion Fitopatolóxica Areeiro.
<b>TRÁMITE</b>	Declaración de procedemento deserto

PMC/jrf

### A deputada delegada da Área de Infraestruturas públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias atribuídas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN

Por Resolución Presidencial nº 2024006339, de data 30/07/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, da subministración continuada de auga mineral natural envasada para os centros Finca Mouriscade e Estacion Fitopatolóxica Areeiro. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/07/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, compróbase que non existiron sobres “únicos” de empresas licitadoras que presentasen ofertas a esta licitación, quedando en consecuencia deserto o devandito procedemento.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1a), e da Resolución Presidencial número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, **RESOLVO:**

**1.- Declarar deserto o procedemento** aberto simplificado abreviado convocado para a contratación da “Subministración continuada de auga mineral natural envasada para os centros Finca Mouriscade e Estacion Fitopatolóxica Areeiro”.

(Documento asinado electronicamente á marxe)

*Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.*

